PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 591 | VIII lexislatura | 30 de novembro de 2011

Fascículo 2

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 24 de novembro de 2011, polo que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do deporte de Galicia [08/PL-0037(72736)] 170540

3. Procedementos de control e impulso

3.5. Mocións

3.5.1. Mocións

- 08/MOC-0139 (74245)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Sobre a incidencia do cambio da normativa fiscal no Estado epsañol no sector naval galego (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 66868, publicada no BOPG núm. 506, do 15.07.2011, e debatida na Sesión Plenaria do 22.11.2011) 170543

- 08/MOC-0140(74256)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sobre as políticas de igualdade de mulleres e homes da Xunta de Galicia (Moción a consecuencia da interpelación núm. 73166, publicada no BOPG núm. 579, do 14.11.2011 e debatida na sesión plenaria do día 23 e 24 de novembro de 2011) 170550

- 08/MOC-0141(74274)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis
Sobre a creación dunha comisión parlamentaria para o estudio das medidas necesarias para adaptar as corporacións locais á actual conxuntura económica e ás novas demandas sociais (Moción a consecuencia da interpelación núm. 71002, publicada no BOPG núm. 552, do 4.10.2011 e debatida na sesión plenaria do día 22 de novembro de 2011) 170552

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

- 08/PNP-1472 (73903)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Parga Núñez, Manuel e Viéitez Alonso, Henrique
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa solicitude de autorización dun expediente de regulación de emprego suspensivo presentada pola dirección da empresa Mobles Hermida, radicada no concello de Lourenzá 170553

- 08/PNP-1473(74000)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a renovación do acordo pesqueiro asinado no ano 2006 entre Mauritania e a Unión Europea en condicións favorables para a frota pesqueira galega 170556

- 08/PNP-1474(74005)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre a presentación no Parlamento de Galicia do cronograma de traspaso das escolas infantís á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 170559

- 08/PNP-1475(74012)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Baamonde Díaz, Agustín e 6 deputados máis
Sobre o inicio da implantación progresiva dun software de xestión para pequenos establecementos hostaleiros de Galicia, desenvolvendo, de xeito simultáneo, actividades formativas en relación co seu uso 170562

- 08/PNP-1476(74095)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para o mantemento de Novacaixagalicia Banco como entidade de crédito galega e comprometida coas necesidades de Galicia 170566

- 08/PNP-1477(74118)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Sánchez Montenegro, Isabel e Branco Parga, Carlos Fernando
Sobre a procura pola Xunta de Galicia de fórmulas acaídas para o tratamento dos residuos asfálticos importados de Holanda que eviten as súas posibles repercusións na saúde e no medio ambiente 170568

- 08/PNP-1478(74130)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dunha liña de actuación especificamente destinada a impulsar a actividade produtiva e comercializadora dos parques de cultivo de moluscos de Carril 170570

Proposición non de lei en Pleno polo procedemento de urxencia

- 08/PNP-1486 (74311)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Santalices Vieira, Miguel Ángel e 6 deputados máis
Sobre as medidas organizativas e de financiamento que se deben adoptar para unificar os criterios de recoñecemento do dereito á prestación sanitaria polos servizos de saúde das comunidades autónomas 170573

4. Procedementos de información

4.1. Solicitudes de comparecencia

4.1.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

- 08/CPP-0362(74053)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para dar conta das oportunas explicacións sobre o procedemento de contratación das obras de desdobramento do corredor do Morrazo e a súa posible renuncia ou desistimento, así como tamén da composición da mesa de contratación 170576

- 08/CPP-0363(74216)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da conselleira do Mar, para informar sobre os resultados da negociación, no seo do Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea, de topes admisibles de captura e das cotas correspondentes a España para o ano 2012 170578

4.2. Interpelacións

- 08/INT-1033 (73991)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para frear a emigración xuvenil 170579

- 08/INT-1034(74111)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para asegurar o mantemento de Novacaixagalicia Banco como entidade de crédito galega e comprometida coas necesidades de Galicia 170581

- 08/INT-1035(74128)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre a política xeral do Goberno galego en relación á coordinación dos dispositivos contraincendios en Galicia 170584

4.3. Preguntas

4.3.1. Preguntas orais en Pleno

- 08/POP-3100 (74001)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre as medidas que se van adoptar para posibilitar a renovación do acordo pesqueiro asinado no ano 2006 entre Mauritania e a Unión Europea 170587

- 08/POP-3101(74006)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre o cronograma existente na actualidade para o traspaso das escolas infantís á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 170589

- 08/POP-3102(74022)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa e Parga Núñez, Manuel
Sobre a garantía de prestación da atención en materia de drogodependencia comprometida na Memoria de Sanidade 2012 cos recortes que presentan as partidas orzamentarias consignadas para ese fin para ese ano 170592

- 08/POP-3103(74025)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre o prazo previsto pola Consellería do Mar para o pagamento das axudas destinadas a sufragar as cotizacións á Seguridade Social das mariscadoras a pé maiores de 65 anos 170595

- 08/POP-3104(74031)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre o prazo previsto pola Consellería do Mar para o pagamento das cantidades debidas ás confrarías de pescadores en materia de vixilancia e asistencias técnicas 170597

- 08/POP-3105(74060)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Branco Parga, Carlos Fernando e Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre o prazo previsto para a construción do novo centro de saúde de Ares 170599

- 08/POP-3106(74109)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para asegurar o mantemento de Novacaixagalicia Banco como entidade de crédito galega e comprometida coas necesidades de Galicia 170601

4.3.1.1. Preguntas urxentes

- 08/POP-3109 (74138)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto
Sobre as dificultades existentes para o pagamento do salario do persoal de enfermería correspondente ao mes de decembro de 2011 na provincia de Ourense (art. 155.5) 170603

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 24 de novembro de 2011, polo que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do deporte de Galicia [08/PL-0037(72736)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 74090, o escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia polo que se solicita a prórroga do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do deporte de Galicia [08/PL-0037(72736)]

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1.º) Prorrogar, por segunda vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do deporte de Galicia ata o día 3 de decembro de 2011, ás 13.00 hs.

2.º) Darlle traslado á Xunta de Portavoces.

3.º) Notificarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

4.º) Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2011
Pilar Rojo Noguera
Presidenta

A Mesa do Parlamento, na reunión do 29 de novembro de 2011, adoptou os seguintes acordos

3. Procedementos de control e impulso

3.5. Mocións

3.5.1. Mocións

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 08/MOC-0139 (74245)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Sobre a incidencia do cambio da normativa fiscal no Estado epsañol no sector naval galego (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 66868, publicada no BOPG núm. 506, do 15.07.2011, e debatida na Sesión Plenaria do 22.11.2011)

- 08/MOC-0140(74256)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sobre as políticas de igualdade de mulleres e homes da Xunta de Galicia (Moción a consecuencia da interpelación núm. 73166, publicada no BOPG núm. 579, do 14.11.2011 e debatida na sesión plenaria do día 23 e 24 de novembro de 2011)

- 08/MOC-0141(74274)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis
Sobre a creación dunha comisión parlamentaria para o estudio das medidas necesarias para adaptar as corporacións locais á actual conxuntura económica e ás novas demandas sociais (Moción a consecuencia da interpelación núm. 71002, publicada no BOPG núm. 552, do 4.10.2011 e debatida na sesión plenaria do día 22 de novembro de 2011)

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite e publicación

- 08/PNP-1472 (73903)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Parga Núñez, Manuel e Viéitez Alonso, Henrique
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa solicitude de autorización dun expediente de regulación de emprego suspensivo presentada pola dirección da empresa Mobles Hermida, radicada no concello de Lourenzá

- 08/PNP-1473(74000)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a renovación do acordo pesqueiro asinado no ano 2006 entre Mauritania e a Unión Europea en condicións favorables para a frota pesqueira galega

- 08/PNP-1474(74005)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre a presentación no Parlamento de Galicia do cronograma de traspaso das escolas infantís á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

- 08/PNP-1475(74012)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Baamonde Díaz, Agustín e 6 deputados máis
Sobre o inicio da implantación progresiva dun software de xestión para pequenos establecementos hostaleiros de Galicia, desenvolvendo, de xeito simultáneo, actividades formativas en relación co seu uso

- 08/PNP-1476(74095)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para o mantemento de Novacaixagalicia Banco como entidade de crédito galega e comprometida coas necesidades de Galicia

- 08/PNP-1477(74118)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Sánchez Montenegro, Isabel e Branco Parga, Carlos Fernando
Sobre a procura pola Xunta de Galicia de fórmulas acaídas para o tratamento dos residuos asfálticos importados de Holanda que eviten as súas posibles repercusións na saúde e no medio ambiente

- 08/PNP-1478(74130)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dunha liña de actuación especificamente destinada a impulsar a actividade produtiva e comercializadora dos parques de cultivo de moluscos de Carril

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 08/PNP-1486 (74311)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Santalices Vieira, Miguel Ángel e 6 deputados máis
Sobre as medidas organizativas e de financiamento que se deben adoptar para unificar os criterios de recoñecemento do dereito á prestación sanitaria polos servizos de saúde das comunidades autónomas

4. Procedementos de información

4.1. Solicitudes de comparecencia

4.1.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 08/CPP-0362(74053)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para dar conta das oportunas explicacións sobre o procedemento de contratación das obras de desdobramento do corredor do Morrazo e a súa posible renuncia ou desistimento, así como tamén da composición da mesa de contratación

- 08/CPP-0363(74216)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da conselleira do Mar, para informar sobre os resultados da negociación, no seo do Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea, de topes admisibles de captura e das cotas correspondentes a España para o ano 2012

4.2. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 08/INT-1033 (73991)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para frear a emigración xuvenil

- 08/INT-1034(74111)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para asegurar o mantemento de Novacaixagalicia Banco como entidade de crédito galega e comprometida coas necesidades de Galicia

- 08/INT-1035(74128)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre a política xeral do Goberno galego en relación á coordinación dos dispositivos contraincendios en Galicia

4.3. Preguntas

4.3.1. Preguntas orais en Pleno

Admisión a trámite e publicación

- 08/POP-3100 (74001)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre as medidas que se van adoptar para posibilitar a renovación do acordo pesqueiro asinado no ano 2006 entre Mauritania e a Unión Europea

- 08/POP-3101(74006)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre o cronograma existente na actualidade para o traspaso das escolas infantís á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

- 08/POP-3102(74022)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa e Parga Núñez, Manuel
Sobre a garantía de prestación da atención en materia de drogodependencia comprometida na Memoria de Sanidade 2012 cos recortes que presentan as partidas orzamentarias consignadas para ese fin para ese ano

- 08/POP-3103(74025)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre o prazo previsto pola Consellería do Mar para o pagamento das axudas destinadas a sufragar as cotizacións á Seguridade Social das mariscadoras a pé maiores de 65 anos

- 08/POP-3104(74031)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre o prazo previsto pola Consellería do Mar para o pagamento das cantidades debidas ás confrarías de pescadores en materia de vixilancia e asistencias técnicas

- 08/POP-3105(74060)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Branco Parga, Carlos Fernando e Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre o prazo previsto para a construción do novo centro de saúde de Ares

- 08/POP-3106(74109)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para asegurar o mantemento de Novacaixagalicia Banco como entidade de crédito galega e comprometida coas necesidades de Galicia

4.3.1.1. Preguntas urxentes

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 08/POP-3109 (74138)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto
Sobre as dificultades existentes para o pagamento do salario do persoal de enfermería correspondente ao mes de decembro de 2011 na provincia de Ourense (art. 155.5)

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2011
José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2011 16:30
Nº Rexistro: 74245
Data envio: 25/11/2011 14:07:05.934

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por medio do seu deputado **Henrique Viéitez Alonso** ao abeiro do disposto no artigo 151 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción para substanciar a Interpelación** co número de rexistro **66.868** (*sobre* ***a incidencia do cambio da normativa fiscal no Estado español no sector naval galego***) debatida na Sesión Plenaria do día 22 do mes de Novembro.

No debate da interpelación celebrado na Sesión Plenaria quedou patente que non esta resolta a situación xerada como consecuencia da paralización do sistema de arrendamento fiscal empregado no Estado español que permitía situar ao sector naval galego nunha posición de vantaxe comparativa e logrou situalo nuns niveis de produción históricos, no que a construción se refire. Máis, a decisión da Comisión europea de abrir un expediente ao Estado pola utilización deste mecanismo financeiro, pon en risco de continuidade desta actividade e, polo tanto, estaleiros e industria auxiliar xa teñen presentado expedientes de regulación de emprego, mesmo de caracter extintivo.

Ante o rexeitamento por parte do comisario da competencia da proposta presentada polo Estado español, non xerou unha reacción inmediata e directa do Goberno galego, levando as necesidades e propostas alí onde realmente se toman as decisións que dificultan e limitan a actividade do sector. Hoxe son varios os contratos pendentes de resolver esta situación, a maiores dos que xa foron entregados e están pendentes de que a resolución teña caracter retroactivo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2011 16:30
Nº Rexistro: 74245
Data envio: 25/11/2011 14:07:05.934

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As voces de alarma acendidas e mantidas polas centrais sindicais e asociacións empresariais sitúan ao sector ao límite das súas posibilidades, pero son as regulacións e a destrución de emprego xunto a esgotamento financeiro e a falta de crédito destas empresas o verdadeiro panorama debuxado no sector, polo que formulamos a seguinte

MOCIÓN

O Parlamento Galego insta:

A. Á Xunta de Galiza a:

1) Iniciar, de xeito inmediato, accións directas coa dirección xeral da competencia da Comisión europea para defender a postura do sector e as propostas elaboradas na Mesa da Industria Auxiliar do naval galego.

2) Habilitar unha liña especial de avais para o sector naval galego que permitan garantir a viabilidade económica das empresas integradas nesta actividade, para poder refinanciar a súa débeda e facer fronte a carga de traballo condicionando, a súa vez, ás concedidas aos estaleiros ao pago da débeda que manteñan coa industria auxiliar naval.

3) No caso de as empresas acudiren aos expedentes de regulación de emprego como medida inescusabel, o Goberno galego utilizara a modalidade de suspensivo ao obxecto de evitar despedimentos precipitados, preservar os postos de traballo e reter a man de obra cualificada.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2011 16:30
Nº Rexistro: 74245
Data envio: 25/11/2011 14:07:05.934

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4) Desenvolvemento dun plan específico de formación prestando especial atención ás necesidades do sector para elevar a cualificación profesional e que, aproveitando o tempo de inactividade das empresas, poña en marcha medíante axudas de custo e cursos remunerados.

5) Elaboración dun programa de desenvolvemento da industria naval, estaleiros e auxiliares, a longo prazo perseguindo os seguintes obxectivos:

a. Potenciar o centro de reparacións na ría de Vigo, aproveitando as sinerxías existentes no entramado industrial e derivado do tráfico do Porto e a da súa propia localización nunha zona de intenso tráfico marítimo. Dentro desta actividade aproveitar as necesidades existentes e derivadas dun mercado emerxente como é o da transformación dos buques de "segunda man".

b. Fomentar as estratexias de cooperación entre as distintas factorías navais a xeito de promover unha maior coordinación e conexión entre o conxunto das empresas asentadas nos dous núcleos da actividade naval para, con caracter integral, lograr unha mellorara continua da súa xestión (inclusive no acceso a bens e materiais), dos seus desenvolvementos e procesos técnicos e tecnolóxicos, converténdose nun referente nos novos deseños e nas novas estratexias construtivas.

c. Explorar a posibilidade de introducir socios tecnolóxicos, inclusive estranxeiros, para fomentar o investimento no desenvolvemento tecnolóxico na busca dunha maior eficiencia e poder dar resposta á construción de buques de maiores dimensións, máis modernos e tecnicamente máis complexos.

d. Especialización nas tecnoloxías indispensábeis para a industria da construción naval.

e. Modernización das súas capacidades de produción.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2011 16:30
Nº Rexistro: 74245
Data envio: 25/11/2011 14:07:05.934

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6) Establecemento de medidas complementarias de apoio para as empresas que se atopen en situación de ERE suspensivo ou de reducción de xornada, mediante complementos da prestación por desemprego.

7) Habilitación dunha liña de axudas para o fomento do uso das deducións fiscais e das bonificacións na cotización á Seguridade Social por actividades de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i), no ámbito do sector naval, abranguendo tamén á industria auxiliar e á produción de bens de equipo.

8) Habilitar liñas de actuación orientadas á I+D+i que teñan como obxectivo as aplicacións de programas para deseño de buques e robótica e a potenciación do subsector de bens de equipo, o incremento da seguridade e o respecto ao medio ambiente así como ao aforro enerxético para lograr unha diminución do consumo global da enerxía a bordo, mediante a eficiencia dos sistemas de navegación, a mellora dos deseños, a incorporación de novos materiais de propulsión, a hidrodinámica e o illamento, así como a aplicación de novas técnicas aplicadas ao mantemento do buque e a utilización de novas fontes de enerxía de propulsión e para os servizos auxiliares a bordo.

9) Promover, mediante a Comisión do Arco Atlántico, á Comisión Europea e aos estados membros a implantación sen demora dun programa de emerxencia para contrarrestar os prexuízos que esta ocasionando a escasa actividade no sector.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2011 16:30
Nº Rexistro: 74245
Data envio: 25/11/2011 14:07:05.934

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

10) Potenciar o CETNAGA, Centro Tecnolóxico do Naval Galego, como centro de investigación e enxeñeira e na confluencia do interese e obxectivos da administración galega, o conxunto do sector e as sinerxías das universidades no camiño do fortalecemento, potenciación, crecemento e mellora da competitividade na industria naval galega, mediante o logro da excelencia na investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, permitindo a recollida de toda experiencia e coñecemento de aquelas persoas que, por motivo das distintas reconversións, tiveron que desvincularse do sector.

11) Instrumentar facilidades para a ubicación das industrias do sector naval dentro dos ámbitos portuarios no referido a realización de construcións, reparacións, mantemento e transformación de buques e outros artefactos marítimos.

B. **<u>Ao Goberno do Estado a:</u>**

1) Promover de xeito conxunto e a nivel da comunidade europea, e con obxectivo de facer posíbel que o sector naval supere a crise, a aplicación a curto prazo de medidas de caracter temporal que teñan en consideración a especificidade do sector.

2) Creación de instrumentos financeiros específicos que faciliten os investimentos necesarios no sector naval, constituíndo instrumentos de garantías para a exportación de produtos e servizos; así como para os estaleiros e a industria auxiliar que presenten un plan de negocio viábel.

3) Instrumentación dunha política financeira crediticia de longo prazo para a construción, reparación, transformación e ampliación de buques e artefactos marítimos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2011 16:30
Nº Rexistro: 74245
Data envio: 25/11/2011 14:07:05.934

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4) Instar á Comisión Europea a eliminación do veto a construción naval civil de Navantia.

5) Esixir á SEPI que impulse, dinamice e poña en coñecemento do sector marítimo o centro de reparacións de Navantia en Ferrol, ao obxecto de incrementar a carga de traballo de reparación e transformación e botar a andar un centro de reparacións nas instalacións de Navantia-Fene, recollido no estudo elaborado polo Goberno galego anterior sobre a ría de Ferrol e o sector naval.

6) Que promova dentro da UE novos mecanismos de financiamento a longo prazo do sector creando, conxuntamente co BEI, un instrumento europeo para a financiamento dos estaleiros e a industria auxiliar.

7) Apoiar e adoptar medidas máis incisivas para favorecer a navegación fluvial, nomeadamente a de transporte de mercadorías, a marítima de curta distancia, as autoestradas do mar e buques adecuados para estes servizos que cumpran coas mais esixentes recomendacións ecolóxicas e enerxéticas.

8) A promover dentro da UE a modernización da flota pesqueira baixo os criterios de mellora na seguridade e o maior respecto ao medio ambiente.

9) A promover o pago dunha cota ou arancel para os barcos que toquen regularmente os portos europeos pero que non foran construídos nos estaleiros comunitarios. O resultado desta recadación pasaría a formar un fondo de garantías para o conxunto do sector naval europeo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2011 16:30
Nº Rexistro: 74245
Data envio: 25/11/2011 14:07:05.934

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

10) Habilitación dun mecanismo transitorio e de caracter excepcional que permita repoñer o dereito á prestación por desemprego a aquelas persoas que perden o seu posto de traballo e consumiran parte do mesmo como consecuencia dos expedientes de regulación de emprego de caracter suspensivo

Compostela, 24 de novembro do 2011

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**
Deputado do G.P. do BNG
Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 25/11/2011 14:04:06

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 25/11/2011 14:04:10

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2011 09:30
Nº Rexistro: 74256
Data envio: 28/11/2011 09:15:31.417

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da súa deputada **Carmen Cajide Hervés**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o día 23 e 24 de novembro de 2011, sobre as políticas de igualdade de mulleres e homes da Xunta de Galicia (08/INT-0963, doc. núm. 73166)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Concertar cos concellos que teñen en funcionamento un CIM as condicións da seguinte convocatoria de axudas para garantir o servizo e consolidar o seu funcionamento.

2.- Realizar un estudo socio - criminolóxico sobre violencia de xénero, en colaboración co Goberno central, a fin de poñer de manifesto a realidade existente sobre esta terrible problemática.

3.- Realizar un informe detallado sobre a evolución do "Salario da Liberdade" e presentalo na Cámara galega.

4.- Promover, a través dos medios públicos de comunicación, un programa específico de sensibilización da sociedade contra a violencia de xénero a fin de contribuír de maneira decisiva á erradicación desta terrible realidade.

Pazo do Parlamento, 28 de novembro de 2011

Asdo.: Carmen Cajide Hervés
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2011 09:30
Nº Rexistro: 74256
Data envio: 28/11/2011 09:15:31.417

Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Cajide Hervés na data 28/11/2011 9:14:52

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/11/2011 9:14:57

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2011 13:01
Nº Rexistro: 74274
Data envio: 28/11/2011 13:01:23.036

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa do seu deputado, **José Luis Méndez Romeu**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 22 de novembro, sobre a valoración do Goberno galego dos resultados da súa política local (doc. núm. 71.002).

Moción

O Parlamento galego, logo do procedemento parlamentario establecido, acorda crear unha Comisión non permanente especial, que propoña as medidas normativas, organizativas e políticas necesarias para adaptar as corporacións locais á actual conxuntura económica e ás novas demandas sociais.

Pazo do Parlamento, 28 de novembro de 2011

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. Socialista

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 28/11/2011 13:00:44

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/11/2011 13:00:49

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2011 09:30
Nº Rexistro: 73903
Data envio: 17/11/2011 19:22:36.787

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa dos seus deputados **Manuel Parga Núñez** e **Henrique Viéitez Alonso**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

A dirección da empresa Mobles Hermida de Lourenzá (Lugo) iniciou os trámites na Consellería de Traballo e Benestar dun expediente de regulación de emprego extintivo que pretende afectar a 94 persoas, e que se suma a outro ERE, tamén extintivo que afectou a 18 traballadores e traballadoras .

De levarse a cabo o expediente proposto tería unha repercusión máis aló da empresa cunha incidencia moi importante no conxunto da comarca da Mariña de Lugo.

O GP do BNG considera que aprobar sen máis este ERE sería unha decisión que non só significa un drama de primeira magnitude para os traballadores que ven como corre perigo o seu emprego, senón que significaría, tamén, que unha empresa clave para a Comarca, na medida que fecha un ciclo produtivo, poida desaparecer a curto prazo.

Unha vez presentado o ERE por parte da empresa está en mans da Xunta o futuro das 94 familias afectadas, o futuro de Lourenzá e, en boa parte, o da Mariña.

O GP do BNG entende que debe haber un compromiso claro do conxunto das forzas políticas que conforman o Parlamento e tamén do Goberno galego para cos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2011 09:30
Nº Rexistro: 73903
Data envio: 17/11/2011 19:22:36.787

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballadores e que deben buscarse alternativas menos traumáticas para dar solución a este problema.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta ao Goberno galego a:

1º Non aprobar o ERE extintivo presentado pola empresa Mobles Hermida de Lourenzá.

2. Buscar outras fórmulas non traumáticas que permitan conservar o emprego nesta empresa.

3º Desenvolver planos de actuación que contemplen medidas alternativas de creación de emprego na zona.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2011.

Asdo.: Manuel Parga Núñez
Henrique Viéitez Alonso
Deputados do G.P. do BNG.
Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2011 09:30
Nº Rexistro: 73903
Data envio: 17/11/2011 19:22:36.787

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Parga Nuñez na data 17/11/2011 18:52:13

Henrique Vieitez Alonso na data 17/11/2011 18:52:16

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 17/11/2011 18:52:20

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2011 17:57
Nº Rexistro: 74000
Data envio: 22/11/2011 17:57:29.441

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa á adopción de medidas para a renovación do acordo pesqueiro entre a Unión Europea e Mauritania en condicións favorábeis para a frota pesqueira galega.

O vindeiro 31 de xullo de 2012 remata a vixencia do acordo pesqueiro subscrito entre a Unión Europea e a República Islámica de Mauritania, asinado no 2006, que permitiu no seu día o acceso ao caladoiro mauritano de 39 buques galegos e 4 italianos, se ben a introdución de novos protocolos -inseridos no mesmo acordo- con criterios abertamente discriminatorios para Galiza, reduciron finalmente o número de buques con licenza de pesca aos actuais 24 galegos (15 menos), catro italianos (os mesmos), e como sorprendente novidade, tres gregos e un portugués.

Vanse reiniciar proximamente os contactos formais para a renovación do acordo pesqueiro. Historicamente houbo problemas, e é posíbel que se reproduzan. Cumpre, daquela, garantir vontade política real por parte da Unión Europea (os antecedentes non son precisamente alentadores), utilización de argumentos científicos (existen estudos do IEO) e, inexorabelmente, un seguimento estrito, por parte do Goberno galego, do proceso negociador.

Cumpre lembrar que Mauritania é a día de hoxe practicamente a única alternativa para a frota (ou o que queda dela) arrastreira cefalopodeira após a súa expulsión, en 1999, do banco canario-Saariano. Moitos dos buques que operaban nese

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2011 17:57
Nº Rexistro: 74000
Data envio: 22/11/2011 17:57:29.441

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

caladoiro foron despezados, outros transferidos a sociedades mixtas (con bandeira marroquina ou doutros estados), e os sobrevivintes reubicados en Mauritania. É este, portanto, un acordo pesqueiro fulcral para a frota pesqueira galega.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento en pleno:

O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a se dirixir ao Goberno español e á Unión Europea a fin de demandar a renovación do acordo pesqueiro entre a Unión Europea e a República Islámica de Mauritania, sen interrupción da actividade pesqueira, inmediatamente após o 31 de xullo de 2012, con arreglo aos seguintes criterios:

a) Manter o número de buques pesqueiros galegos e a súa capacidade extractiva.

b) Garantías de seguranza xurídica.

c) Consideración do acordo pesqueiro como ámbito vinculado ao importante conxunto de relacións económicas, políticas, comerciais e doutro tipo que mantén Mauritania coa Unión Europea.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2011 17:57
Nº Rexistro: 74000
Data envio: 22/11/2011 17:57:29.441

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 22/11/2011 17:53:46

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2011 18:09
Nº Rexistro: 74005
Data envio: 22/11/2011 18:09:14.209

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **María do Carme Adán Villamarín** e do seu deputado **Carlos Aymerich Cano**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** relativa ao traspaso das Escolas Infantís.

O 11 de xuño de 2009, logo de que no Consello de Xunta se adoptara o acordo de iniciar o traspaso das Escolas Infantís a Educación, a nota de prensa que rezaba na páxina da Consellaría de Traballo e Benestar dicía o seguinte: "A educación é de Educación. Así anunciou esta mañá o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, a creación dunha comisión que se encargará de xestionar o traspaso das escolas infantís desde a Consellería de Traballo e Benestar á de Educación e Ordenación Universitaria. O noso obxectivo é normalizar a educación infantil para que nas aulas galegas se transmitan coñecementos e aprendizaxe, remarcou o máximo mandatario galego, quen adiantou que esta transferencia estará lista no vindeiro curso 2009-2010. O máximo mandatario galego explicou que o Consello da Xunta aprobou esta mañá esta comisión que estará formada por 11 persoas de ambas as dúas consellerías, un equipo de traballo que se encargará de xestionar un traspaso ordenado e sen precipitacións das escolas infantís da Comunidade. Neste sentido, afirmou que serán transferidos un total de 477 centros que inclúen máis de 23.500 prazas. Volvemos a recuperar o nome de escola infantil e apostamos porque nas aulas soamente se transmitan aprendizaxes e coñecementos, remarcou Feijóo, quen destacou que todo o sistema educativo de Galicia debe depender da Consellería de Educación e que ten

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2011 18:09
Nº Rexistro: 74005
Data envio: 22/11/2011 18:09:14.209

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que ser este departamento quen supervise os criterios pedagóxicos na Comunidade. Para que a educación sexa aprendizaxe de coñecementos, e nada máis, concluíu."
Segundo o acordo adoptado en dito Consello de Goberno, da comisión forman parte, pola Consellaría de Educación, o Conselleiro Xesús Vázquez Abad, o secretario xeral, José Luis Vázquez Fernández, o director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación, José Luis Mira Lema e o Subdirector xeral de Persoal, José Luis Canosa e, pola Consellaría de Traballo, a Conselleira Beatriz Mato, a secretaria xeral Cristina Ortiz, a secretaria xeral de Familia Susana López Abella e o subdirector xeral de Familia, Manuel Vila López. Esta comisión tiña por obxecto encargarse do traspaso de todas as escolas infantís de 0-3 anos a Educación, unha rede que nese momento a Xunta cifraba en 477 centros.

Mais un ano despois destas declaracións, o grupo parlamentar do BNG preguntou na Comisión 4ª sobre o estado dos traballos deste traspaso. A contestación foi que se estaba analizando como facer ordenadamente este traspaso.

A día de hoxe, dous anos e cinco meses despois, a situación parece ser de non facer nada ou de traspasar as escolas infantís a unha futura Axencia Galega de Servizos Sociais. Isto, evidentemente, sería contraditorio co acordo adoptado no Consello da Xunta e publicitado polo propio presidente.

Neste sentido de preocupación polo futuro das Escola Infantís, o Colectivo cerotres presentou neste Parlamento un interesante escrito para coñecer o estado de traspaso das Escolas Infantís á Consellaría de Educación.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2011 18:09
Nº Rexistro: 74005
Data envio: 22/11/2011 18:09:14.209

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a presentar de xeito inmediato diante do Parlamento o cronograma de traspaso das Escolas Infantís á Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín
Deputada do G.P. do BNG.
Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Maria do Carme Adán Villamarín na data 22/11/2011 18:08:06

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 22/11/2011 18:08:08

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2011 09:30
Nº Rexistro: 74012
Data envio: 22/11/2011 19:12:47.761

grupo parlamentario de Galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu **Portavoz,** e a iniciativa dos deputados e deputadas, **Agustín Baamonde Díaz, Natalia Barros Sánchez, Pedro M. Arias Veira, Román Rodríguez González, Teresa Villaverde Pais, Marisol Piñeiro Martínez** e **Lourdes Yáñez García,** ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei en Pleno.**

Exposición de Motivos

Galicia conta cunha ampla e variada oferta de establecementos turísticos destinados a aloxamento, moitos deles de pequeno tamaño, nos que é importante promover a busca permanente dunha mellora no tocante á súa calidade e á súa competitividade.

Un dos obxectivos básicos da Xunta de Galicia no eido do turismo é apoiar a innovación dentro do sector a través do desenvolvemento de proxectos destinados a mellorar a capacidade competitiva das nosas empresas turísticas.

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 810
F. 981 551 472
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeuhau.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2011 09:30
Nº Rexistro: 74012
Data envio: 22/11/2011 19:12:47.761

grupo parlamentario de Galicia

Nesta liña de traballo, ao longo do presente ano 2011 a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Turismo dependente da Consellería de Cultura e Turismo, levou a cabo un proxecto inicial para o desenvolvemento e posta en marcha de xeito piloto dunha aplicación de xestión para pequenos establecementos hoteleiros de Galicia, principalmente pensións.

Unha vez rematada esta primeira fase do proxecto, consistente no desenvolvemento desta aplicación, faise precisa a súa implantación nos diferentes establecementos destinatarios desta iniciativa, así como proporcionarlles aos seus xerentes os coñecementos necesarios para que poidan quitar o máximo partido desta ferramenta de xestión, de xeito que se contribúa a acadar unha mellora progresiva da súa capacidade de xestión, da capacidade competitiva dos seus establecementos e, xa que logo, unha mellora efectiva da eficiencia e da calidade do servicio ofertado.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para o seu debate en Pleno.

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 810
F. 981 551 472
gp-ppg@parlamentodegalicia.es
www.ppdeuhau.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2011 09:30
Nº Rexistro: 74012
Data envio: 22/11/2011 19:12:47.761

grupo parlamentario de Galicia

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar a implantación progresiva dun software de xestión para pequenos establecementos hostaleiros de Galicia, acompañando esta implantación de actividades formativas no relativo ao seu uso".

Santiago de Compostela, 22 de Novembro de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/11/2011 19:05:54

Agustin Baamonde Díaz na data 22/11/2011 19:05:59

Natalia Barros Sánchez na data 22/11/2011 19:06:06

Pedro Manuel Arias Veira na data 22/11/2011 19:06:18

Román Rodríguez González na data 22/11/2011 19:06:24

Maria Teresa Villaverde Pais na data 22/11/2011 19:06:33

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 810
F. 981 551 472
gp-mp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeaulaa.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2011 09:30
Nº Rexistro: 74012
Data envio: 22/11/2011 19:12:47.761

grupo parlamentario de Galicia

María Soledad Piñeiro Martínez na data 22/11/2011 19:06:40

Lourdes Yáñez García na data 22/11/2011 19:06:51

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 810
F. 981 551 472
gp-mp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2011 10:54
Nº Rexistro: 74095
Data envio: 24/11/2011 10:54:32.943

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do seu deputado e portavoz **Carlos Aymerich Cano**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, apresenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa ao mantemento de NGC Banco como entidade de crédito galega e comprometida coas necesidades de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É coñecido o interese amosado pola grande banca española e internacional (como demonstra a fichaxe de Pedro Solbes polo Barclays Bank para participar na privatización das caixas) na adquisición das participacións que o FROB detenta nas caixas de aforros co fin de gañar tamaño e incrementar beneficios a custa de liquidar o pouco que queda do sistema financeiro galego. Neste sentido diversas informacións indican que o Banco de España e o novo goberno español do PP irían acelerar a venda da participación pública nas caixas privatizadas ou intervidas co fin de que estas operacions estivesen pechadas no primeiro trimestre de 2012, muito antes dos cinco anos estabelecidos na regulación do FROB para a permanencia deste no capital das caixas.

Os intereses de Galiza van, porén, en sentido contrario. En diversas ocasións este Parlamento tense manifestado a favor da preservación dunha caixa galega e solvente e cun compromiso co país garantido através da participación e da tutela pública, obxectivos que, segundo o presidente da Xunta, estarían dificuldados polos "continuos vaivéns normativos" do goberno español. Porén, a existencia dunha maioría parlamentar diferente nas Cortes Xerais abre a porta á modificación do marco legal do FROB co fin de facer posíbel a pervivencia dun sistema financeiro galego solvente e comprometido co país.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2011 10:54
Nº Rexistro: 74095
Data envio: 24/11/2011 10:54:32.943

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En vista do que se acaba de expor, formúlase a seguinte

PROPOSICIÓN NON DE LEI

O Parlamento insta á Xunta de Galiza:

1. A demandar do goberno español a modificación do marco legal do FROB co fin de facer posíbel que, en aplicación do disposto no art. 55 do vixente Estatuto, a Xunta poda exercer os dereitos decorrentes da participación desde fundo no capital de NGC Banco e adquirir unha participación maioritaria no mesmo.
2. A non vender a participación do FROB no capital de NGC Banco a entidades ou fundos de investimento foráneos.

Santiago de Compostela, a 25 de Novembro de 2011

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 24/11/2011 10:52:59

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2011 13:39
Nº Rexistro: 74118
Data envio: 24/11/2011 13:39:40.503

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **Isabel Sánchez Montenegro** e do seu deputado **Fernando Branco Parga**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Segundo diversas informacións, a empresa MANMER S.L., ten importando de Holanda unhas 800.000 toneladas de materiais asfálticos.

Parte importante destes residuos atópanse depositados en diversos lugares de Galiza como Caneliñas, no porto exterior de Ferrol, e no Concello de Cabanas, ao carón do río Boa e lindantes co polígono industrial de Vilar de Colo.

Un informe do Instituto Nacional de Toxicoloxía advirte que este material asfáltico é potencialmente contaminante e pode ter graves repercusións sobre o medio ambiente e a saúde das persoas.

Dende o Bloque Nacionalista Galego consideramos que é necesario resolver canto antes a problemática xerada por estes residuos que non poden quedar depositados por máis tempo nos lugares anteriormente sinalados. Evidentemente, a solución nunca pode pasar por producir novos impactos.

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición non de lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2011 13:39
Nº Rexistro: 74118
Data envio: 24/11/2011 13:39:40.503

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a procurar fórmulas acaídas para o tratamento dos residuos asfálticos importados de Holanda pola empresa MANMER S.L. que eviten as súas posíbeis repercusións na saúde e no medio ambiente.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2011.

Asdo.: Isabel Sánchez Montenegro
Fernando Branco Parga
Deputada e deputado do G.P. do BNG.
Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Isabel Sánchez Montenegro na data 24/11/2011 13:37:07

Fernando Branco Parga na data 24/11/2011 13:37:12

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 24/11/2011 13:37:15

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2011 17:33
Nº Rexistro: 74130
Data envio: 24/11/2011 17:33:59.183

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu tratamento en Pleno**, relativa á adopción de medidas para a defensa e impulso dos parques de cultivo de moluscos de Carril.

Os parques de Carril representan a maior expresión na capacidade produtiva e de cultivo de moluscos bivalvos de todo o litoral galego. Os 653 profesionais que traballan os 1.283 parques de cultivo xeran unha produción media anual de 3.000 tns. de moluscos bivalvos e unha facturación que oscila entre os 20 e 30 millóns de euros/ano.

É daquela, con só 900.000 m² de superficie, unha actividade que é quen de representar case o 40% da produción marisqueira e o 50% da facturación de todo o noso país. Ten, portanto, unha rentabilidade por metro cadrado que multiplica por 40 á dun banco marisqueiro medio.

Aínda así é posíbel darlle maior impulso a esta actividade produtiva, xerar máis riqueza e mesmo crear postos de traballo directos e inducidos.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2011 17:33
Nº Rexistro: 74130
Data envio: 24/11/2011 17:33:59.183

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a pór en marcha unha liña de actuación especificamente destinada a impulsar a actividade produtiva e comercializadora dos parques de cultivo de moluscos de Carril, contemplando os seguintes ámbitos:

a) Peche do ciclo produtivo. Con apoio expreso ao criadoiro de semente e batea de preengorde.
b) Calidade das augas. Con accións de mellora vinculadas ao saneamento, degradación e erradicación definitiva de focos e verteduras contaminantes, así como á prevención de riadas.
c) Diferenciación do produto de Carril. Garantindo a calidade da semente autóctona e xenuína de Carril, e impulso da marca propia.
d) Mellora da comercialización. Con control da trazabilidade en todo o proceso produtivo e comercializador, dende a semente até o consumo final. Dotación dunha depuradora de marisco e centros de venda directos en colaboración co sector produtivo.
e) Seguranza xurídica. Aplicando o vigorante Decreto 158/1991, do 16 de maio, polo que se regula o procedemento de revisión e reordenación dos parques de cultivo de moluscos de Carril, e desbotando calquera outra modificación normativa.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Portavoz s. do G.P. do BNG.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2011 17:33
Nº Rexistro: 74130
Data envio: 24/11/2011 17:33:59.183

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 24/11/2011 17:27:07

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2011 17:05
Nº Rexistro: 74311
Data envio: 28/11/2011 17:05:19.802

grupo parlamentario de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados Miguel A. Santalices Vieira, Rosa Oubiña Solla, Dámaso López Rodríguez, Ángeles Díaz Pardo, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Seoane Romero, ó abeiro dos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada ante a alarma xerada na sociedade galega nestes días respecto aos trámites a realizar para a obtención da tarxeta sanitaria por parte de persoas sen recursos e desempregados e a necesidade de que a Cámara se posicione canto antes sobre este tema.

Exposición de Motivos

A Orden de 5 de setembro de 2011, que actualiza o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia sanitaria por parte das persoas sen recursos económicos suficientes (PSR) e das persoas que se atopan en situación de desemprego (Código 29), naceu para rematar coa suspensión do dereito á asistencia sanitaria que neste colectivo provoca a normativa do INSS.

No ano 2000 separáronse as fontes de financiamento. O obxectivo era que o INSS se encargara das prestacións económicas e a cobertura da asistencia sanitaria se garantira a través do Sistema Nacional de Saúde, co financiamento á sanidade a través dos impostos.

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
grupo@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2011 17:05
Nº Rexistro: 74311
Data envio: 28/11/2011 17:05:19.802

grupo parlamentario de Galicia

A día de hoxe, o recoñecemento ao dereito á asistencia sanitaria segue en mans do INSS, o que está a provocar algúns desfases.

Por todo isto,

"O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que "demande do Goberno central" :

1.- Que unifique os criterios para que o recoñecemento do dereito á prestación sanitaria sexa exercido polos servizos de saúde das CCAA.

2.- Que, mentres non se produza o anterior, o INSS comunique aos interesados calquera incidencia relacionada co seu dereito á asistencia sanitaria.

3.- Que se estableza, no desenvolvemento normativo da Tarxeta Sanitaria do SNS a base de datos común que impida que este dereito estea recoñecido de forma simultánea por máis dun servizo autonómico.

4.- Que no desenvolvemento da *Ley 33/2011, de 4 de octubre, General de Salud Pública* se teñan en conta os criterios anteriores e o financiamento necesario para os servizos autonómicos.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 28/11/2011 17:03:00

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 28/11/2011 17:03:18

Rosa Oubiña Solla na data 28/11/2011 17:03:22

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
grupo@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2011 17:05
Nº Rexistro: 74311
Data envio: 28/11/2011 17:05:19.802

grupo parlamentario de Galicia

Dámaso López Rodríguez na data 28/11/2011 17:03:27

Maria Angeles Díaz Pardo na data 28/11/2011 17:03:33

Marta Rodríguez Arias na data 28/11/2011 17:03:37

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 28/11/2011 17:03:41

María Seoane Romero na data 28/11/2011 17:03:45

Lorena López Rodríguez na data 28/11/2011 17:03:51

Román Rodríguez González na data 28/11/2011 17:04:07

Encarnación González Montemuíño na data 28/11/2011 17:04:10

Cristina Isabel Romero Fernández na data 28/11/2011 17:04:12

Jesus Antonio Goldar Güimil na data 28/11/2011 17:04:15

Jose Manuel Baltar Blanco na data 28/11/2011 17:04:25

Maria Teresa Villaverde Pais na data 28/11/2011 17:04:29

Maria Emma Álvarez Chao na data 28/11/2011 17:04:35

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp.popular@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2011 12:55
Nº Rexistro: 74053
Data envio: 23/11/2011 12:55:59.934

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Diante das inquietantes novas que veñen de aparecer no día de hoxe, sobre a pretensión da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de paralizar a execución do desdobramento do corredor do Morrazo, o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á maior brevidade posible á tramitación da **comparecencia en Pleno** do Excmo. Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para recibir en sede parlamentaria as oportunas explicacións sobre este procedemento de contratación e a súa posible renuncia ou desestimento, así como tamén da composición da mesa de contratación.

Asemade a consellería responsable da licitación e adxudicación deste contrato de concesión de obra pública, deberá clarexar conforme a lexislación vixente, as causas de interese público debidamente xustificadas ou de ser o caso, a infracción das normas preparatorias e reguladoras do procedemento de contratación, así como as causas, os atrasos e as consecuencias para a realización desta actuación de obra pública de construción e explotación da autovía do Morrazo e da rede autonómica de estradas desta península.

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2011

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 23/11/2011 12:48:18

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/11/2011 12:48:24

María José Caride Estévez na data 23/11/2011 12:48:28

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2011 12:55
Nº Rexistro: 74053
Data envio: 23/11/2011 12:55:59.934

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Jose Luis Méndez Romeu na data 23/11/2011 12:48:33

María Concepción Burgo López na data 23/11/2011 12:48:40

Beatriz Sestayo Doce na data 23/11/2011 12:48:47

Carmen Gallego Calvar na data 23/11/2011 12:48:54

María del Carmen Acuña do Campo na data 23/11/2011 12:49:04

Ricardo Varela Sánchez na data 23/11/2011 12:49:13

Francisco Xulio Cerviño González na data 23/11/2011 12:49:19

Miguel Ángel Fernández López na data 23/11/2011 12:49:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/11/2011 12:49:30

Juan Carlos Francisco Rivera na data 23/11/2011 12:49:39

María del Carmen Cajide Hervés na data 23/11/2011 12:49:44

José Manuel Gallego Lomba na data 23/11/2011 12:49:52

José Manuel Lage Tuñas na data 23/11/2011 12:49:58

Silvia Belen Fraga Santos na data 23/11/2011 12:50:04

Pablo Xabier López Vidal na data 23/11/2011 12:50:10

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 23/11/2011 12:50:16

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 23/11/2011 12:50:24

María Soledad Soneira Tajes na data 23/11/2011 12:50:29

Modesto Pose Mesura na data 23/11/2011 12:50:34

Ismael Rego González na data 23/11/2011 12:50:42

Sonia Verdes Gil na data 23/11/2011 12:50:52

Luis María Tojo Ramallo na data 23/11/2011 12:50:57

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
25 NOV. 2011
SAÍDA
Núm. 9603

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
25 NOV. 2011
Núm. 74216

Solicítolle, ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia -ante o Pleno- da conselleira do Mar para informar sobre **"os resultados da negociación, no seo do Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea, de topes admisibles de captura e das cotas correspondentes a España para o ano 2012".**

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Roberto Castro García

Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2011 17:02
Nº Rexistro: 73991
Data envio: 22/11/2011 17:02:10.974

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para frear a emigración xuvenil.

O fenómeno da emigración xuvenil está acadando de novo cifras moi elevadas no noso país. Segundo os datos feitos públicos recentemente, alertan dun incremento notábel das persoas que teñen que abandonar Galiza pola falta de oportunidades. De feito, nos nove primeiros anos de 2011 abandonaron Galiza 3.790 persoas. A cifra máis elevada desde o ano 2002.

Estudos recentes tamén poñen de manifesto que o número de licenciados e licenciadas que emigran nos últimos anos duplicouse. Unha situación que debería preocupar e ocupar a calquera goberno responsábel. Porén a Xunta de Galiza nin está, nin parece preocuparlle.

O incremento do desemprego, o deterioro das condicións laborais, a precariedade laboral e os baixos salarios, imposibilitan poñer freo á emigración xuvenil.A Xunta de Galiza carece dunha política destinada a superar esta situación e, o máis grave é que non parece disposta a mudar o rumbo das cousas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2011 17:02
Nº Rexistro: 73991
Data envio: 22/11/2011 17:02:10.974

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo dito formulamos a seguinte interpelación:

1.- Que valoración ten a Xunta de Galiza sobre as cifras de emigración xuvenil?

2.- Que actuacións ten previsto levar adiante para frear a emigración xuvenil?

3.- Que obxectivos concretos ten previsto acadar con estas actuacións?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 22/11/2011 16:09:07

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2011 13:13
Nº Rexistro: 74111
Data envio: 24/11/2011 13:13:03.924

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, apresenta a seguinte **INTERPELACIÓN**, relativa ás medidas que vai adoptar o goberno para asegurar o mantemento de NGC Banco como entidade de crédito galega e comprometida coas necesidades de Galiza.

É coñecido o interese amosado pola grande banca española e internacional (como demonstra a fichaxe de Pedro Solbes polo Barclays Bank para participar na privatización das caixas) na adquisición das participacións que o FROB detenta nas caixas de aforros co fin de gañar tamaño e incrementar beneficios a custa de liquidar o pouco que queda do sistema financeiro galego. Neste sentido diversas informacións indican que o Banco de España e o novo goberno español do PP irían acelerar a venda da participación pública nas caixas privatizadas ou intervidas co fin de que estas operacions estivesen pechadas no primeiro trimestre de 2012, muito antes dos cinco anos estabelecidos na regulación do FROB para a permanencia deste no capital das caixas.

Os intereses de Galiza van, porén, en sentido contrario. En diversas ocasións este Parlamento tense manifestado a favor da preservación dunha caixa galega e solvente e cun compromiso co país garantido através da participación e da tutela pública, obxectivos que, segundo o presidente da Xunta, estarían dificuldados polos "continuos vaivéns normativos" do goberno español. Porén, a existencia dunha maioría parlamentar diferente nas Cortes Xerais abre a porta á modificación do marco legal do FROB co fin de facer posíbel a pervivencia dun sistema financeiro galego solvente e comprometido co país.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2011 13:13
Nº Rexistro: 74111
Data envio: 24/11/2011 13:13:03.924

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En vista do que se acaba de expor, formúlase a seguinte

INTERPELACIÓN

Vai demandar a Xunta do goberno español a modificación do marco legal do FROB co fin de facer posíbel que, en aplicación do disposto no art. 55 do vixente Estatuto, a Xunta poda exercer os dereitos decorrentes da participación desde fundo no capital de NGC Banco e adquirir unha participación maioritaria no mesmo?

Vai exixir a Xunta que o goberno español non venda a participación do FROB no capital de NGC Banco a entidades ou fundos de investimento foráneos?

Que medidas vai adoptar para asegurar que esta entidade asegure o crédito que precisan as empresas e as familias de Galiza?

Santiago de Compostela, a 24 de Novembro de 2011

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2011 13:13
Nº Rexistro: 74111
Data envio: 24/11/2011 13:13:03.924

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 24/11/2011 13:07:53

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2011 17:10
Nº Rexistro: 74128
Data envio: 24/11/2011 17:10:34.338

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

En relación ao escrito de rexistro de saída núm. 18647, **José Manuel Lage Tuñas, Sonia Verdes Gil e Pablo Xabier López Vidal,** deputadao e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presentan a seguinte reformulación á Interpelación (doc. núm. 72581).

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas, Sonia Verdes Gil e Pablo Xabier López Vidal, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**, co obxecto de coñecer que decisións políticas ten tomado o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza respecto da ausencia, co obxecto de acudir a un evento lúdico -deportivo en Madrid, do delegado territorial de Ourense durante o martes 18 de outubro en plena ola de incendios na dita provincia.

Coa provincia Ourense ardendo, cun volume moi relevante de incendios nos núcleos de poboación do territorio, o delegado territorial da Xunta de Galicia, Rogelio Martínez desapareceu o martes 18 de outubro para acudir a un evento lúdico - deportivo na capital de España.

En plena ola de incendios na provincia de Ourense, o delegado territorial da Xunta de Galicia abandonou as súas responsabilidades para acudir a un partido de fútbol entre o Real Madrid e o Olympique de Lyon, recordando outras pasaxes recentes da historia política da autonomía galega como cando unha parte do Goberno de Galicia acudían a unha xornada de caza ao tempo que o noso país vivía momentos tráxicos coa catástrofe do Prestige.

Alega o delegado territorial da Xunta en Ourense, a través dun medio de comunicación, que "non se pode estar a coordinar [a loita contra os incendios] as 24 horas do día" e di que nas horas que estivo ausente "xa non había nada que facer" pola súa banda.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2011 17:10
Nº Rexistro: 74128
Data envio: 24/11/2011 17:10:34.338

O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo tamén recoñeceu en conferencia de prensa a presenza do delegado territorial da Xunta en Ourense, Rogelio Martínez, no estadio Santiago Bernabéu en Madrid o pasado martes 18 de outubro, con varios incendios de grandes dimensións activos na provincia.

O Sr. Feijóo dixo que el non houbera ido a ningún partido de fútbol ese día tendo en conta a ola de incendios existente en toda a provincia de Ourense.

O conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza deberá explicar neste Parlamento que decisións ten tomado diante da actitude irresponsable e frívola adoptada polo delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense.

É imprescindible que se asuman responsabilidades políticas diante do tamaño despropósito, xa que de non facelo será o propio conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o que asuma os feitos perpetrados polo propio delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense.

Existe unha absoluta falta de respecto aos veciños e veciñas de toda a provincia de Ourense que tiñan que estar loitando cos seus propios medios diante duns incendios que puxeron en risco medios materias e a vida dunhas cantas persoas.

Polo anteriormente exposto, os deputados e a deputada que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1.ª) Cal é a política xeral do Goberno galego en relación á coordinación dos dispositivos contraincendios en Galicia?

2ª) Que decisións políticas ten tomado o Sr. conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza respecto da ausencia, co obxecto de acudir a un evento lúdico - deportivo en Madrid, do delegado territorial de Ourense durante o martes 18 de outubro en plena ola de incendios na dita provincia?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2011 17:10
Nº Rexistro: 74128
Data envio: 24/11/2011 17:10:34.338

3.ª) Cando tivo coñecemento o Sr. conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da ausencia do delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense en plena ola de incendios?

4.ª) Solicitou autorización o dito delegado territorial para acudir a un partido de fútbol mentres ardía unha parte importante de superficie forestal na provincia de Ourense?

5.ª) Que explicacións pode dar o Sr. conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola irresponsable e frívola actuación do delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense diante da ola de incendios que afecta a toda a provincia?

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Sonia Verdes Gil
Pablo Xabier López Vidal
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 24/11/2011 16:50:59

Sonia Verdes Gil na data 24/11/2011 16:51:05

Pablo Xabier López Vidal na data 24/11/2011 16:51:10

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2011 17:58
Nº Rexistro: 74001
Data envio: 22/11/2011 17:58:01.613

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas que se adoptarán para posibilitar a renovación do acordo pesqueiro entre Mauritania e a Unión Europea.

O vindeiro 31 de xullo de 2012 remata a vixencia do acordo pesqueiro subscrito entre a Unión Europea e a República Islámica de Mauritania, asinado no 2006. En breve reiniciaranse os contactos formais entre as partes para a eventual renovación deste acordo.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte pregunta en Pleno, dirixida á Conselleira do Mar:

Que medidas se adoptarán para posibilitar a renovación do acordo pesqueiro entre a Unión Europea e Mauritania?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2011 17:58
Nº Rexistro: 74001
Data envio: 22/11/2011 17:58:01.613

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Bieito Lobeira Domínguez na data 22/11/2011 17:52:34

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2011 18:09
Nº Rexistro: 74006
Data envio: 22/11/2011 18:09:59.271

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e **Carlos Aymerich Cano**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno,** relativa ao traspaso das Escolas Infantís.

O 11 de xuño de 2009, logo de que no Consello de Xunta se adoptara o acordo de iniciar o traspaso das Escolas Infantís a Educación, a nota de prensa que rezaba na páxina da Consellaría de Traballo e Benestar dicía o seguinte: "A educación é de Educación. Así anunciou esta mañá o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, a creación dunha comisión que se encargará de xestionar o traspaso das escolas infantís desde a Consellería de Traballo e Benestar á de Educación e Ordenación Universitaria. O noso obxectivo é normalizar a educación infantil para que nas aulas galegas se transmitan coñecementos e aprendizaxe, remarcou o máximo mandatario galego, quen adiantou que esta transferencia estará lista no vindeiro curso 2009-2010. O máximo mandatario galego explicou que o Consello da Xunta aprobou esta mañá esta comisión que estará formada por 11 persoas de ambas as dúas consellerías, un equipo de traballo que se encargará de xestionar un traspaso ordenado e sen precipitacións das escolas infantís da Comunidade. Neste sentido, afirmou que serán transferidos un total de 477 centros que inclúen máis de 23.500 prazas. Volvemos a recuperar o nome de escola infantil e apostamos porque nas aulas soamente se transmitan aprendizaxes e coñecementos, remarcou Feijóo, quen destacou que todo o sistema educativo de Galicia debe depender da Consellería de Educación e que ten que ser este departamento quen supervise os criterios pedagóxicos na Comunidade. Para que a educación sexa aprendizaxe de coñecementos, e nada máis, concluíu."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2011 18:09
Nº Rexistro: 74006
Data envio: 22/11/2011 18:09:59.271

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo o acordo adoptado en dito Consello de Goberno, da comisión forman parte, pola Consellaría de Educación, o Conselleiro Xesús Vázquez Abad, o secretario xeral, José Luis Vázquez Fernández, o director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación, José Luis Mira Lema e o Subdirector xeral de Persoal, José Luis Canosa e, pola Consellaría de Traballo, a Conselleira Beatriz Mato, a secretaria xeral Cristina Ortiz, a secretaria xeral de Familia Susana López Abella e o subdirector xeral de Familia, Manuel Vila López. Esta comisión tiña por obxecto encargarse do traspaso de todas as escolas infantís de 0-3 anos a Educación, unha rede que nese momento a Xunta cifraba en 477 centros.

Mais un ano despois destas declaracións, o grupo parlamentar do BNG preguntou na Comisión 4ª sobre o estado dos traballos deste traspaso. A contestación foi que se estaba analizando como facer ordenadamente este traspaso.

A día de hoxe, dous anos e cinco meses despois, a situación parece ser de non facer nada ou de traspasar as escolas infantís a unha futura Axencia Galega de Servizos Sociais. Isto, evidentemente, sería contraditorio co acordo adoptado no Consello da Xunta e publicitado polo propio presidente.

Neste sentido de preocupación polo futuro das Escola Infantís, o Colectivo cerotres presentou neste Parlamento un interesante escrito para coñecer o estado de traspaso das Escolas Infantís á Consellaría de Educación.

Ante esta situación consideramos necesario presentar a seguinte pregunta:

Que cronograma exacto de traspaso existe na actualidade?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2011 18:09
Nº Rexistro: 74006
Data envio: 22/11/2011 18:09:59.271

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Carlos Aymerich Cano

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Maria do Carme Adán Villamarín na data 22/11/2011 17:47:00

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 22/11/2011 17:47:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2011 10:16
Nº Rexistro: 74022
Data envio: 23/11/2011 10:16:52.071

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago e **Manuel Parga Núñez**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á orientación da prevención e asistencia á drogodependencia á vista dos orzamentos de 2012.

O Proxecto de Orzamentos para 2012, presentado no Parlamento Galego, presenta unha situación paradóxica. Na Memoria de Sanidade realízase unha defensa da necesidade de afondar no traballo de prevención e de garantir a asistencia e inserción das persoas afectadas; incluso fálase de incorporar o traballo sobre adiccións sen substancia.

"O Plan de Trastorno Aditivos 2011-2016 ten a misión de fomentar, protexer e contribuír á mellora da saúde da poboación galega, garantindo a equidade nas prestacións sanitarias, na procura da redución da prevaleza do consumo das diferentes drogas e a mortalidade, morbilidade e os problemas sociais relacionados co abuso e dependencia das drogas e outras adiccións sociais e comportamentais. O plan articúlase en 10 liñas estratéxicas de actuación, que son:

1. A redución da prevaleza dos consumos de bebidas alcohólicas, tabaco ou drogas ilícitas.

2. A regulación e control da oferta de bebidas alcohólicas e tabaco a menores.

3. A prevención das adiccións sociais e condutas relacionadas.

4. A diminución de riscos e redución de danos asociados ao uso e abuso de drogas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2011 10:16
Nº Rexistro: 74022
Data envio: 23/11/2011 10:16:52.071

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. A mellora da cobertura asistencial dos trastornos aditivos.

6. A atención de calidade ás persoas con problemas de adicción desde o sistema público de saúde.

7. O apoio aos procesos de integración social das persoas con trastornos aditivos.

8. O impulso da formación e actualización de coñecementos en adiccións.

9. A promoción da investigación aplicada no campo das adiccións.

10. A coordinación e cooperación institucional..."

Este compromiso non ten reflexo, porén, nas partidas orzamentarias adicadas a estes programas que se ven recortadas tanto no referido ás axudas a concellos e entidades sen ánimo de lucro nos programas de prevención e asistencia por terceiro ano consecutivo, como no orzamento do Departamento do Goberno galego que debería en todo caso asumir esta competencia.

Entidades e Concellos están a denunciar a situación de precariedade á que se ven abocados, 1,5 millóns de euros en 2 anos, e que pode rematar no peche dos dispositivos coa afectación resultante a centos de persoas que non serán atendidas pola administración galega.

Por este motivo, o Grupo parlamentar do BNG realiza a seguinte pregunta:

Como vai garantir o Goberno galego a prestación da atención á que se compromete na Memoria de Sanidade 2012 cos recortes que reflexa o orzamento para o 2012?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2011.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2011 10:16
Nº Rexistro: 74022
Data envio: 23/11/2011 10:16:52.071

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Manuel Parga Núñez

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luisa Bouza Santiago na data 23/11/2011 10:11:24

Manuel Parga Nuñez na data 23/11/2011 10:11:33

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2011 10:19
Nº Rexistro: 74025
Data envio: 23/11/2011 10:19:17.459

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao intolerábel retraso que están a padecer mariscadoras a pé maiores de 65 anos na percepción de axudas destinadas á cotización da Seguranza Social para accederen á xubilación.

Son xa moitos os meses de retraso que están a padecer mariscadoras a pé maiores de 65 anos na percepción de axudas destinadas a sufragar as cotizacións da Seguranza Social, imprescindíbeis para acceder a unha pensión de xubilación.

O retraso é intolerábel. Estamos a falar de mulleres traballadoras maiores de 65 anos, que non poden acceder a ningún emprego, e que maioritariamente non posúen ningunha outra fonte de ingresos, unha vez que a Consellaría do Mar eliminou no presente ano 2012 as cativas axudas de 557 euros que ían dirixidos a este colectivo. A situación é dramática, e hai casos de afectadas que se ven obrigadas a recorreren á "caridade" das súas familias, veciñas/os, ou coñecidas para non perderen a posibilidade de accederen á pensión de xubilación.

Son 320 euros/mes os que cada mariscadora debe aboar para garantir a súa futura pensión. A Consellaría do Mar, por lei, ten a obriga de axudar, con esa mesma cuantía, a cada afectada. E non o fai.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2011 10:19
Nº Rexistro: 74025
Data envio: 23/11/2011 10:19:17.459

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É difícil de entender tal grao de crueldade. A Consellaría do Mar debe ser coherente cos seus compromisos e coa lei e, sobretodo, cumprir cos colectivos que máis o precisan.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte pregunta oral en Pleno, dirixida á Conselleira do Mar:

Cando vai pagar a Consellaría do Mar o que debe?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 23/11/2011 9:52:29

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2011 11:26
Nº Rexistro: 74031
Data envio: 23/11/2011 11:26:16.616

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás previsións de pagamento das cantidades adebedadas pola Consellaría do Mar ás confrarías de pescadores en materia de vixilancia e asistencias técnicas.

Numerosas confrarías do noso país levan case nove meses (dende marzo de 2011) agardando a que a Consellaría do Mar pague as cantidades adebedalas en materia de vixilancia e asistencias técnicas. Moitas delas se encontran nunha situación económica desesperada, e vense obrigadas a adiantar os cartos para que os traballadores e traballadoras poidan vivir do seu traballo. Mais esta situación, obviamente, ten límites.

Estase a abocar ás confrarías ao afogo económico, á asfixia, ou directamente ao peche, tendo en conta as débedas de pagamento comprometido, máis non efectivizado, e outros problemas vinculados ao crítico contexto económico xeral e á crise no sector.

Case 200 postos de traballo directos dependen de que a Consellaría do Mar libre os cartos comprometidos: 160 vixilantes e máis de 40 asistencias técnicas (biólogas e biólogos) ao longo de todo o litoral da nosa nación. Córrese tamén, portanto, o risco de deixar sen vixilancia nin protección numerosos bancos marisqueiros, percebeiros ou caladoiros pesqueiros (é evidente que o precarizado, privatizado e escaso Servizo de Gardacostas de Galiza non é quen de realizar este

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2011 11:26
Nº Rexistro: 74031
Data envio: 23/11/2011 11:26:16.616

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

labor en solitario), e tamén periga o traballo indispensábel de biólogas e biólogos á hora de avaliar o estado dos recursos de cara á súa explotación.

A irresponsabilidade da Consellaría do Mar está a provocar unhas consecuencias brutais en numerosas confrarías do noso país. Contrasta esta despreocupación do Goberno do Partido Popular coa dilixencia e enerxía que demostra, tamén economicamente, cos compromisos adquiridos coas grandes corporacións económicas. Estas non padecen a "austeridade" que se lle aplica, sen escrúpulos, aos sectores populares que conforman o sector pesqueiro galego.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte pregunta oral en Pleno, dirixida á Conselleira do Mar:

Cando ten previsto a Consellaría do Mar pagar o que lle debe ás confrarías?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 23/11/2011 11:18:26

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2011 13:15
Nº Rexistro: 74060
Data envio: 23/11/2011 13:15:13.475

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Fernando Branco Parga e **Ana Luisa Bouza Santiago**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en pleno.**

En sucesivas preguntas o Grupo Parlamentar do BNG interesouse sobre o proceso de construción do novo Centro de Saúde de Ares.

Nunha das respostas escritas recibidas, a Consellaría de Sanidade afirmaba que este Centro licitaríase no ano 2010, algo que evidentemente non foi así.

Porén, na resposta máis recente recibida, o 11 de novembro deste ano, o Goberno emprázanos a revisar o debate dunha Interpelación do Pleno do Parlamento do día 2 de novembro.

Seguindo, como non podía ser doutro xeito, as indicacións do Goberno do PP, o deputado e deputada asinantes desta iniciativa, revisaron unha e outra vez o vídeo desa sesión parlamentar, sen atopar por ningures resposta á pregunta de cando se construirá o novo Centro de Saúde de Ares.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula a seguinte pregunta:

- Cando se vai construír o novo Centro de Saúde de Ares?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga

Ana Luisa Bouza Santiago

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2011 13:15
Nº Rexistro: 74060
Data envio: 23/11/2011 13:15:13.475

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Fernando Branco Parga na data 23/11/2011 13:12:11

Ana Luisa Bouza Santiago na data 23/11/2011 13:12:17

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2011 13:11
Nº Rexistro: 74109
Data envio: 24/11/2011 13:11:43.504

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, apresenta a seguinte **Pergunta** para a sua resposta **oral en Pleno**, relativa ás medidas que vai adoptar o goberno para asegurar o mantemento de NGC Banco como entidade de crédito galega e comprometida coas necesidades de Galiza.

É coñecido o interese amosado pola grande banca española e internacional (como demonstra a fichaxe de Pedro Solbes polo Barclays Bank para participar na privatización das caixas) na adquisición das participacións que o FROB detenta nas caixas de aforros co fin de gañar tamaño e incrementar beneficios a custa de liquidar o pouco que queda do sistema financeiro galego. Neste sentido diversas informacións indican que o Banco de España e o novo goberno español do PP irían acelerar a venda da participación pública nas caixas privatizadas ou intervidas co fin de que estas operacions estivesen pechadas no primeiro trimestre de 2012, muito antes dos cinco anos estabelecidos na regulación do FROB para a permanencia deste no capital das caixas.

Os intereses de Galiza van, porén, en sentido contrario. En diversas ocasións este Parlamento tense manifestado a favor da preservación dunha caixa galega e solvente e cun compromiso co país garantido através da participación e da tutela pública, obxectivos que, segundo o presidente da Xunta, estarían dificuldados polos "continuos vaivéns normativos" do goberno español. Porén, a existencia dunha maioría parlamentar diferente nas Cortes Xerais abre a porta á modificación do marco legal do FROB co fin de facer posíbel a pervivencia dun sistema financeiro galego solvente e comprometido co país.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2011 13:11
Nº Rexistro: 74109
Data envio: 24/11/2011 13:11:43.504

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En vista do que se acaba de expor, formúlase a seguinte cuestión:

Vai demandar a Xunta do goberno español a modificación do marco legal do FROB co fin de facer posíbel que, en aplicación do disposto no art. 55 do vixente Estatuto, a Xunta poda exercer os dereitos decorrentes da participación desde fundo no capital de NGC Banco e adquirir unha participación maioritaria no mesmo?

Santiago de Compostela, a 24 de Novembro de 2011

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 24/11/2011 13:04:29

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2011 09:30
Nº Rexistro: 74138
Data envio: 24/11/2011 18:49:55.072

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo e Modesto Pose Mesura, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno polo trámite de urxencia**.

A urxencia vén motivada pola repercusión social e laboral provocada pola medida adoptada polo Goberno galego de que non se poida pagar o salario de enfermería correspondente ao mes de decembro na provincia de Ourense.

O Sindicato de enfermería Satse denuncia que dende a Xerencia se lles comunicou que o salario de decembro de enfermería ten sido recortado polo que probablemente haberá problemas para pagar esa mensualidade aos enfermeiros e enfermeiras da provincia de Ourense.

Engaden que foron informados de que eses problemas son consecuencia do abono dos complementos de produtividade dos e das facultativas.

A consellería fala a diario do gran aforro logrado co catálogo priorizado de medicamentos que, por certo e, segundo a lei tería que ser revertido en Atención Primaria. Isto foi o pactado para contar co apoio do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Non é fácil entender que con tanto aforrado teñamos agora este problema.

Tampouco é fácil de entender que o problema só se dea na provincia de Ourense. Tal vez nesta provincia haxa máis produtividade que pagar aos cargos directivos ou porque temos máis debido a área integrada ou porque teñen salarios máis altos.

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno:

Como explica o Goberno galego que non se poida pagar o salario de enfermería correspondente ao mes de decembro na provincia de Ourense?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Modesto Pose Mesura
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2011 09:30
Nº Rexistro: 74138
Data envio: 24/11/2011 18:49:55.072

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 24/11/2011 18:48:13

Modesto Pose Mesura na data 24/11/2011 18:48:17

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
   1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
   1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
   1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS

2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
   2.1 INVESTIDURA
   2.2 MOCIÓN DE CENSURA
   2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
   3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
   3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
   3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
   3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
   3.5 MOCIÓNS
   3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
      3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
      3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
   3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
   3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
   4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
   4.2 INTERPELACIÓNS
   4.3 PREGUNTAS
   4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
   4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS

5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
   5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
   5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
   5.3 VALEDOR DO POBO
   5.4 CONSELLO DE CONTAS
   5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

6. ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
   6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
   6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
   6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
   6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
   6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
   6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
   6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
   6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
   6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
   6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
   6.11 OUTRAS ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO

7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
   7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
   7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
   7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
   8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
   8.2 PERSOAL
   8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA

9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
   9.1 INFORMACIÓNS
   9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727